



# Documento de adhesión á **Declaración de Galicia saudable**



**XUNTA  
DE GALICIA**

## **CONSIDERANDO que:**

- O fomento da actividade física e a adopción dun estilo de vida activo por parte de todas as persoas é unha das claves para garantir o benestar e unha mellor calidade de vida dende a infancia ata a velez.
- A práctica insuficiente de actividade física é un problema de saúde pública de primeira magnitude, que representa un gran custo en termos de perda de calidade de vida e de gastos de atención sanitaria e social.
- O sedentarismo é unha característica propia das sociedades modernas, polo que, recuperar un estilo de vida activo e integralo na nosa vida cotiá é un reto extraordinariamente complexo porque require un profundo cambio cultural.

## **COMPARTIMOS a vontade de:**

- Promover as accións necesarias para xerar un profundo cambio cultural que nos permita recuperar o noso estilo de vida activo, e impulsar todo tipo de accións que favorezan a práctica de actividade física.
- Fomentar que as persoas se manteñan suficientemente activas durante toda a vida.
- Traballar de forma asociada e participativa con todas as institucións, organizacións, entidades e movementos sociais con capacidade de influír na poboación para fomentar un estilo de vida activo das persoas.

## **Por todo o anterior, MANIFESTAMOS a nosa adhesión á Declaración de Galicia Saudable e COMPROMETÉMONOS a:**

- 1. Participar activamente no Plan Galicia Saudable** e integrarnos na rede de actores institucionais e sociais constituída co obxectivo de fomentar un estilo de vida activo na poboación de Galicia.
- 2. Colaborar e interactuar con outros actores institucionais e sociais** na posta en marcha de actividades dirixidas ao fomento da actividade física entre os diferentes grupos da poboación galega.
- 3. Apoiar e impulsar as actividades que se desenvolvan no marco do Plan Galicia saudable**, e poñer á disposición desta iniciativa as nosas redes e recursos para potenciar a súa difusión e impacto.
- 4. Contribuír ao desenvolvemento do Portal Galicia Saudable (<http://galiciasaudable.xunta.es>)** e da aplicación GaliciaActiva (<http://galiciaactiva.xunta.es>), e participar na elaboración dun inventario detallado das instalacións e espazos, actividades e servizos que temos no territorio de Galicia para a práctica regular de actividade física.
- 5. Ter presente nas nosas decisións e actuacións a importancia de fomentar e facilitar as oportunidades** para que as persoas poidan gozar dun estilo de vida fisicamente activo e, ao mesmo tempo, adoptar medidas positivas para promover a práctica regular de actividade física saudable no seo da nosa organización.

## **Sinatura**

Nome

Cargo

En representación de

(nome da entidade)

.....de .....de 201\_

